

<http://www.noticieirogalego.com/2016/04/francisco-conde-salienta-o-papel-dos-centros-especiais-de-emprego-para-acadar-unha-galicia-mais-integradora/>

Francisco Conde salienta o papel dos centros especiais de emprego para acadar unha Galicia máis integradora

PUBLICADO EN: [Noticias de Galicia](#) ► [Galicia](#) ▼



Conde no encontro de Cegasal. Foto: X. Crespo

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, salientou hoxe o papel dos Centros Especiais de Emprego para acadar unha Galicia máis integradora, máis equitativa e máis xusta. Durante un encontro con empresarios organizado pola Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (Cegasal), Conde resaltou a Galicia como unha “sociedade concienciada en que non se pode deixar a ninguén atrás, que asume a cultura da integración como parte da súa forma de ser”, o que implica, apuntou, o traballo conxunto tanto da administracións como das empresas e da sociedade civil.

Nese “camiño da inclusión que sume a todos os galegos e galegas, sen excepción”, o conselleiro destacou o labor de Cegasal, que suma 17 centros e da traballo a 660 persoas, a favor inserción laboral das persoas con discapacidade. Conde defendeu que hai poucos instrumentos máis poderosos para unha sociedade que o acceso a un posto de traballo. Porque un emprego é a mellor forma para conseguir que as situacións de risco de exclusión non se cronifiquen.

Esa meta, sinalou, significa facilitar novas contratacións e preparar ás persoas con discapacidade cara aos novos perfís profesionais que está requirindo o mercado laboral. Precisamente, apuntou, a Axenda 20 para o Emprego, posta en marcha polo Goberno galego, inclúe ferramentas para acadar este obxectivo co fin último de promover a integración laboral e a calidade no traballo das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, adecuando os seus perfís profesionais ás demandas dos sectores estratéxicos e emerxentes de Galicia.

A ese obxectivo responde a planificación da Axenda para o Emprego que destina 25 millóns de euros este ano á integración e empregabilidade das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, con medidas como o programa APROL de incentivos á contratación, as lanzadeiras de emprego para o fomento do emprendemento e autoemprego, e o reforzo das axudas ás empresas de inserción laboral e para a contratación de desempregados en risco de exclusión social.

Estas medidas da Axenda, dixo Conde, porán as bases dun traballo “no que son, e serán fundamentais, os Centros Especiais de Emprego”, que a Xunta está a respaldar impulsando a posta en marcha e o mantemento das súas instalacións, e axudándolles a afrontar os custos salariais dos seus traballadores. “Falamos da vangarda de Galicia nesta loita, que cumpre a dobre función de xerar emprego e contribuír á inserción dos colectivos con maiores dificultades”, salientou.

Con esa certeza, dixo o conselleiro, en 2015 a Xunta incrementou o orzamento dos programas de emprego para as persoas con discapacidade, dedicando case a metade aos centros especiais de emprego.

<http://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/1746/conde-salienta-papel-dos-centros-especiais-emprego-para-acadar-unha-galicia-mais>

Conde salienta o papel dos centros especiais de emprego para acadar unha Galicia máis integradora, máis equitativa e máis xusta

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria resalta o labor de Cegasal, que suma 17 centros e da traballo a 660 persoas, a favor inserción laboral das persoas con discapacidade

Subliña que este ano a Xunta destinará 25 millóns a mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social



•

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, no encontro de Cegasal

Autor: Xoán Crespo



•

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, no encontro de Cegasal

Autor: Xoán Crespo



O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, no encontro de Cegasal

Autor: Xoán Crespo

Santiago, 13 de abril de 2016.- O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, salientou hoxe o papel dos Centros Especiais de Emprego para acadar unha Galicia máis integradora, máis equitativa e máis xusta. Durante un encontro con empresarios organizado pola Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (Cegasal), Conde resaltou a Galicia como unha “sociedade concienciada en que non se pode deixar a ninguén atrás, que asume a cultura da integración como parte da súa forma de ser”, o que implica, apuntou, o traballo conxunto tanto da administracións como das empresas e da sociedade civil.

Nese “camiño da inclusión que sume a todos os galegos e galegas, sen excepción”, o conselleiro destacou o labor de Cegasal, que suma 17 centros e da traballo a 660 persoas, a favor inserción laboral das persoas con discapacidade. Conde defendeu que hai poucos instrumentos máis poderosos para unha sociedade que o acceso a un posto de traballo. Porque un emprego é a mellor forma para conseguir que as situacións de risco de exclusión non se cronifiquen.

Esa meta, sinalou, significa facilitar novas contratacións e preparar ás persoas con discapacidade cara aos novos perfís profesionais que está requirindo o mercado laboral. Precisamente, apuntou, a Axenda 20 para o Emprego, posta en marcha polo Goberno galego, inclúe ferramentas para acadar este obxectivo co fin último de promover a integración laboral e a calidade no traballo das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, adecuando os seus perfís profesionais ás demandas dos sectores estratéxicos e emerxentes de Galicia.

A ese obxectivo responde a planificación da Axenda para o Emprego que destina 25 millóns de euros este ano á integración e empregabilidade das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, con medidas como o programa APROL de incentivos á contratación, as lanzadeiras de emprego para o fomento do emprendemento e autoemprego, e o reforzo das axudas ás empresas de inserción laboral e para a contratación de desempregados en risco de exclusión social.

Estas medidas da Axenda, dixo Conde, porán as bases dun traballo “no que son, e serán fundamentais, os Centros Especiais de Emprego”, que a Xunta está a respaldar impulsando a posta en marcha e o mantemento das súas instalacións, e axudándolles a afrontar os custos salariais dos seus traballadores. “Falamos da vangarda de Galicia nesta loita, que cumpre a dobre función de xerar emprego e contribuír á inserción dos colectivos con maiores dificultades”, salientou.

Con esa certeza, dixo o conselleiro, en 2015 a Xunta incrementou o orzamento dos programas de emprego para as persoas con discapacidade, dedicando case a metade aos centros especiais de emprego.